

## ÍNDICE DE CONTIDOS

---

1. **Publicación da entrega Nº49 do INFORMEST.**
2. **[Fase Nacional da VIII Edición do Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos.](#)**
3. **[Nomeamento de Ricardo Cao Abad como Editor Xefe Electo da revista Journal of Nonparametric Statistics.](#)**
4. **[Xornada e taller “Ciencia de Datos y Big Data en Salud”.](#)**
5. **[III Edición do Machine Learning Workshop.](#)**
6. **[9th International Congress on Industrial and Applied Mathematics \(ICIAM 2019\).](#)**
7. **[I Conference on Transfer between Mathematics & Industry.](#)**
8. **[Workshop On Advances In Statistical Inference.](#)**
9. **[Oferta de traballo: Científico De Datos en La Voz De Galicia.](#)**
10. **[Prácticas do 3º Programa de Talento de Ciencia da Información.](#)**
11. **[Lista de agarda para prazas docentes na Universidade de Vigo.](#)**

## 1.- Publicación da entrega Nº49 do INFORMEST

A SGAPEIO informa a todos os seus socios que en breve estará dispoñible para todos os socios o Nº 49 do INFORMEST, incluíndo os seguintes contidos:

- Editorial: Xubilación de José Manuel Prada Sánchez (USC).
- O transplante cruzado de riles: unha aplicación do problema de asignación, por Leticia Lorenzo Picado.
- Entrevista a Indalecio Cabana Leira, por Covadonga Rodríguez Moldes.
- Actividades da SGAPEIO.
- Novas do IGE.
- Traballos de Estatística e Investigación Operativa no SUG.
- Coñecendo a unha socia da SGAPEIO: Belén M<sup>a</sup> Fernández de Castro.
- Estatística recreativa Euros e coins: por Antonio Vaamonde Liste.

## 2.- Fase Nacional da VIII Edición do Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

O Instituto Cántabro de Estadística (ICANE), a Sociedad Española de Estadística e Investigación Operativa (SEIO) e o Gobierno de Cantabria veñen de organizar a Fase Nacional da VIII Edición do Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos, que tivo lugar no Centro Rural de Innovación Educativa de Cantabria (Viérnoles, Torrelavega), entre o 27 e o 29 de xuño do 2018. Os representantes de Galicia nas diversas categorías foron os respectivos gañadores da fase galego do concurso, a saber:

- Categoría 1º e 2º da ESO: “A diversidade da orde” das alumnas Sarai Fariña Arosa, Alba Neira Caldas, Noa Quintáns Rey e Carlota Rodríguez Rivas titorizadas pola profesora Paula Blanco Mosquera do CPI San Vicente de A Baña.
- Categoría 3º e 4º da ESO: “Goberno por azar?” dos alumnos María Paz Varela, Alex García Rellán, Sarai Pose Fariña e Brais Martínez Lema titorizados pola profesora Milagros Diéguez Taboada do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños.
- Categoría Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio : “Silencio! Estase a calcular” dos estudantes Raúl Corzón Mato, Lucía Senande Corzón e Luis Vázquez Lema titorizados pola profesora Luz Josefa Mouzo Rioboo do IES Maximino Romero de Lema de Baio.

Hai que salientar a alta calidade de todos os traballos presentados, destacando especialmente os dos representantes galegos, indicativo da boa saúde desta disciplina no noso sistema educativo. Desde a SGAPEIO felicítase a todos os participantes no concurso e, particularmente, aos alumnos do CPI As Revoltas de Cabana de Bergantiños, titorizados por Mila Diéguez, que resultaron gañadores na categoría de 3º

e 4º da ESO co traballo titulado “Goberno por azar?”. A lista completa de premios achégase a continuación:

- Categoría 1º e 2º ESO
  - Primeiro premio  
Título do Traballo: CARACOLES SILVESTRES VERSUS CARACOLES DE GRANJA. Titor: SÍLVIA SALVADOR FÀBREGAS. Alumnos: Pau Buscall Malé, Aran Capdevila García, Raquel Martín Breganciano y Queralt Santacreu Sánchez. Comunidade autónoma: Cataluña.
- Categoría 3º e 4º ESO
  - Primeiro premio  
Título do Traballo: GOBIERNO POR AZAR? Titora: Milagros Diéguez Taboada. Alumnos: Alex García Rellán, Brais Martínez Lema, María Paz Varela y Sarai Pose Fariña. Comunidade autónoma: Galicia.
- Categoría Bacharelato e Ciclos Formativos
  - Mención  
Título do Traballo: HARRY POTTER Y LAS RELIQUIAS DEL MUNDO CLÁSICO. Titora: Claudia González Ocaña. Alumna: Selma Soblechero Rubio. Comunidade autónoma: Madrid.
  - 1º premio ex aequo  
Título do Traballo: THE WALL: CAMBIA TU VIDA. Titor: JOSUNE AURREKOETXEA LARREACON. Alumna: Alba Hernández Costoya. Comunidade autónoma: País Vasco.
  - 1º premio ex aequo  
Título do Traballo: DISEÑO Y COMPARACIÓN ESTADÍSTICA DE DISPOSITIVOS DE MEDIDA DE EROSIÓN POR SALPICADURA. Titor: SANTIAGO ALONSO PALACIO. Alumnas: Julia Garnelo Gutiérrez y Antía Ovalle Hernández. Comunidade autónoma: Castela e León.

Para máis información, consúltense os seguintes **sitios web**:

<https://www.icane.es/seio/>

<http://www.seio.es/Incubadora/II-Fase-Nacional-del-Concurso-Tipo-Incubadora-de-Sondeos-y-Experimentos-4.html>

### **3.- Nomeamento de Ricardo Cao Abad como Editor Xefe Electo da revista Journal of Nonparametric Statistics**

---

O Consello de Administración da American Statistical Association (ASA) ven de aprobar por unanimidade e con entusiasmo o nomeamento do Dr. D. Ricardo Cao Abad, Catedrático da Universidade da Coruña e insigne socio da SGAPEIO, como Editor Xefe Electo da revista Journal of Nonparametric Statistics, para o período comprendido entre os anos 2019 e 2021. Como é sabido, Journal of Nonparametric Statistics é unha revista científica de gran prestixio no mundo da publicación académica, en particular

no ámbito da estatística. A Sociedade felicita efusivamente ao Dr. D. Ricardo Cao Abad polo seu nomeamento e importante recoñecemento no eido da estatística non paramétrica a nivel internacional.

#### 4.- Xornada e taller “Ciencia de Datos y Big Data en Salud”

---

**Dirixido a:** Profesionais da xestión, investigación e tratamento de datos no campo da saúde.

**Obxectivos:** Xerar un espazo para a reflexión e análise, compartir experiencias e identificar futuras liñas de traballo en torno á xestión de datos de saúde.

**Data:** 6 de setembro de 2018

**Localización e organizador:** Escuela Andaluza de Salud Pública

**Inscripción:** Ata o 1 de setembro ou completar aforo.

**Sitio web:** [http://bit.ly/Jornada\\_BigData](http://bit.ly/Jornada_BigData)

**Prezo:**

- Xornada: 35€
- Taller: 30€ (pazas limitadas)
- Café y comida incluído

#### 5.- III Edición do Machine Learning Workshop

---

18 de outubro de 2018

Vigo, España

**Descrición:** Nos últimos anos, o interese da industria e da comunidade investigadora polas tecnoloxías asociadas ao Aprendizaxe Máquina ou Machine Learning incrementouse notablemente. Coa irrupción das tecnoloxías Big Data, a mellora nos algoritmos de aprendizaxe e a aparición do Deep Learning, esta rama da Intelixencia Artificial converteuse nun referente en case calquera campo de coñecemento. A pesar de todos os seus beneficios para a sociedade e a industria, o seu potencial máximo está aínda por explotar, polo que temos por diante un futuro cheo de novos retos e oportunidades. Logo do éxito colleitado nas edicións de 2016 e 2017, con múltiples relatorios e máis de 100 participantes entre investigadores e empresas en cada unha delas, atlantTic asume a organización da III Edición do Machine Learning Workshop Galicia, que terá lugar o 18 de outubro de 2018 en Vigo.

**Envío de traballos:** Convidase aos autores, sexan da academia ou da empresa, a compartir a súa experiencia en Machine Learning durante o evento. Os interesados deben enviar un resumo a través da plataforma EasyChair, seguindo o formato esixido pola organización e que se pode descargar a través do seguinte enlace:

[https://wgml.es/files/Modelo\\_de\\_abstract\\_WGML2018.doc](https://wgml.es/files/Modelo_de_abstract_WGML2018.doc)

**Datas importantes:**

Data límite de recepción de traballos: 16/09/2018.

Apertura del rexistro de asistencia: 18/09/2018.

Notificación de traballos: 01/10/2018.

Publicación da axenda: 8/10/2018.

Celebración do Workshop; 18/10/2018.

**Localización:** Sede Afundación, Rúa Policarpo Sanz, 24-26, 36202 Vigo, Pontevedra.

**Contacto:** [wgml18@uvigo.es](mailto:wgml18@uvigo.es)

**Sitio web:** <https://wgml.es/>

## **6.- 9<sup>th</sup> International Congress on Industrial and Applied Mathematics (ICIAM 2019)**

---

14 de xullo de 2018 - 19 de xullo de 2018

Valencia, España

**Descrición:** O 9th International Congress on Industrial and Applied Mathematics (ICIAM 2019) pretende promover a participación da comunidade científica, tanto no eido internacional como español, dedicada á Matemática industrial e, moi especialmente a participación de conferenciantes da industria. Mediante a organización deste congreso búscase proporcionar unha panorámica da Matemática Industrial ao redor do mundo incluíndo temas tan diversos como:

- Sectores de actividade económica.
- Retos sociais para la investigación e a innovación.
- Historias de éxito da Matemática Industrial desenvolvidas baixo o abeiro de contratos ou proxectos competitivos con soporte industrial.
- Casos de Estudo en Matemática industrial que inclúan iniciativas tales como Grupos de estudo coa industria, Semanas de modelado, Días industriais, traballos fin de mestrado, teses de doutoramento, etc.
- Formación en Matemática Industrial.
- Infraestructuras internacionais de colaboración entre industria e academia.

**Sitio web:** <https://iciam2019.org/index.php/about-iciam2019/iciam-2019>

## **7.- I Conference on Transfer between Mathematics & Industry**

---

22 de xullo de 2018 - 24 de xullo de 2018

Santiago de Compostela, España

**Descrición:** A I Conference on Transfer between Mathematics & Industry é un evento satélite do ICIAM 2019 que ten como obxectivo promover e difundir as Matemáticas e as súas aplicacións, promovendo a investigación en novas liñas orientadas ás necesidades da industria e da sociedade en xeral, a renovación dos currículos en este campo e en todos os niveis educativos, ademais de na internacionalización. As xorndas estruturaránse en tres días nos que se pretende mostrar experiencias de éxito no campo da transferencia de coñecementos matemáticos á industria, o comercio e as institucións desde diferentes perspectivas. Este Congreso, na súa primeira edición, será

coorganizado por math-in e ITMATI e pretende ter unha edición bianual (en anos impares) que será promovida desde math-in en colaboración con un dos seus socios.

**Sitio web:** <https://iciam2019.org/index.php/about-iciam2019/sub-venues>

## 8.- Workshop On Advances In Statistical Inference

---

19 de xullo de 2018 - 20 de xullo de 2018

Vigo, España

Os próximos días 19 e 20 de xullo, terá lugar na Facultade de Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo (Aula seminario 8) un Workshop on Advances in Statistical Inference, con seguinte programa:

- Xoves, 19 de xullo
  - Problemas de contrastes
    - 11.30 – 12.00 gBA para contrastar envejecimiento DPRL. Alba Franco Pereira, Universidad Complutense de Madrid
    - 12.00 – 12.30 A model specification test for the variance function in non-parametric regression. Juan Carlos Pardo Fernández, Universidade de Vigo
    - 12.30 – 13.00 A characterization of multinormality and corresponding tests of fit for i.i.d. and GARCH data. M.D. Jiménez Gamero, Universidad de Sevilla
  - Problemas de bioestadística
    - 15.30 – 16.00 Nueva medida de acuerdo nominal entre observadores: coeficiente Alfa. María Álvarez Hernández, Centro Universitario de la Defensa - Escuela Naval Militar
    - 16.00 – 16.30 The three-state progressive model under various types of censoring and truncation. Carla Moreira, Instituto de Saúde Pública da Universidade de Porto
    - 16.30 – 17.00 Studying causal effects in Cox models from observational designs. Pablo Martínez Cambor, Dartmouth Institute for Health Policy and Clinical Practice
- Venres, 20 de xullo
  - Estimación en contrastes con condicións non estándar
    - 10.00 - 10.30 h: Comparing several multiple testing methods for discrete uniform p-values. Marta Cousido Rocha, Universidade de Vigo
    - 10.30 - 11.00 h: Tests de bondad de ajuste para la detección de trastornos en experimentos de NGS y estimación de parámetros. Norman Jiménez Otero, Universidade de Vigo
    - 11.00 - 11.30 h: Smoothing parameter selection in set estimation. Paula Saavedra Nieves, Universidade de Vigo

- Avances en regresión
  - 12.30 - 13.00 Regresión restrinxida para datos altamente dependentes con restriccións de igualdade e desigualdade nos coeficientes. Aplicación a un caso real. Tomás Cotos Yáñez, Universidade de Vigo
  - 13.00 - 13.30 Modelos GAMLSS. Aplicación al cálculo de percentiles de rendimiento en remo. M Carmen Iglesias Pérez, Universidade de Vigo
  - 13.30 - 14.00 Predicting pollution incidents through semiparametric quantile regression models. Javier Roca Pardiñas, Universidade de Vigo

**Sitio web:**

<http://sidor.uvigo.es/en/activities/workshops/1197-2018-07-19-20-workshop-on-advances-in-statistical-inference>

## **9.- Oferta de traballo: Científico De Datos en La Voz De Galicia**

---

**Resumo das características do posto:** Realizar análise estatística de grandes volumes de datos, recompilados das distintas bases de datos e fontes de información, que permitan obter coñecemento e resolución de problemas de negocio e definir índices de interese da empresa.

**REQUISITOS mínimos esixibles das candidaturas:**

- Formación acreditada
- Estar en posesión do título de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñería, mestrado e/ou doutoramento. Valorarase o grao de afinidade das titulacións do candidato coa área de estatística.
- Coñecementos avanzados e experiencia previa no uso de técnicas estatísticas.
- Experiencia previa en análise e programación de algoritmos matemáticos e estatísticos.
- Coñecementos avanzados e experiencia previa no uso de linguaxes de programación.
- Coñecementos e experiencia previa en procesamento de grandes bases de datos.
- Coñecementos avanzados de inglés.
- Coñecementos avanzados e experiencia previa no uso de análise exploratorio de datos, técnicas de modelización estatística (modelos de regresión lineal e non lineal, paramétricos e non paramétricos, regresión loxística,...), análise multivariante (procedementos de redución da dimensión, técnicas de clasificación supervisada e non supervisada, análise factorial, selección de características,...) e detección de anomalías, entre outras.
- Coñecementos e experiencia previa en computación estatística, minería de datos, Big Data e statistical learning / machine learning.

- Coñecementos avanzados e experiencia previa no uso das linguaxes de programación R ou Python.
- Coñecementos e experiencia previa no uso de Google Analytics e BigQuery.

#### **Funcións do posto de traballo:**

- Análise estatística de grandes volumes datos recompilados a través das distintas bases de datos e fontes de información da empresa, que permitan obter coñecemento deses datos e resolver problemas de negocio.
- Definición de índices de interese para a empresa.
- Implementación dos índices seleccionados na infraestrutura de almacenamento de datos da empresa.
- Construción e implementación de motor de alertas asociadas aos índices seleccionados.

#### **Condições de contratación:**

- Realizarase un contrato indefinido.
- Retribución bruta anual: 29.300,00 €.
- Xornada laboral: tempo completo.
- Lugar de Traballo: Polígono Industrial de Sabón. Arteixo.
- Incorporación inmediata unha vez finalizado o proceso de selección.

#### **Proceso de selección**

- A solicitudes enviaranse a: [pilar.varela@lavoz.es](mailto:pilar.varela@lavoz.es)
- Data límite de recepción de solicitudes: 17 de agosto de 2019.
- Os candidatos/ as seleccionados/ as de acordo cos criterios anteriores serán convocados/ as a unha entrevista persoal, na que deberán achegar a documentación acreditativa da Formación e Coñecementos que indicasen na solicitude, así como vida laboral.
- Garántese confidencialidade.

### **10.- Prácticas do 3º Programa de Talento de Ciencia da Información**

---

**Descrición:** Programa de prácticas para alumnos de último ano ou recentemente titulados en Informática, Enxeñaría de Telecomunicacións, Matemáticas, Estatística, Física, entre outras titulacións afíns. Con este programa de prácticas, o Banco Santander, ademais de formar os candidatos seleccionados en calquera das súas áreas de negocio, estes serán adestrados mediante o curso dun posgraao especializado en Data Science.

**Os candidatos interesados deberán rexistrarse en:**

[https://santander.taleo.net/careersection/career\\_esp/jobdetail.ftl?job=1800010W&tz=GMT%2B02%3A00](https://santander.taleo.net/careersection/career_esp/jobdetail.ftl?job=1800010W&tz=GMT%2B02%3A00)



### **11.- Lista de agarda para prazas docentes na Universidade de Vigo**

---

**Descrición:** A Universidade de Vigo abriu un concurso público para a elaboración dunha 'Lista de agarda' (Lista de espera) para cubrir prazas docentes (Profesorado Interino de Substitución) durante o curso 2018/2019. En particular, o Departamento de Estatística e Investigación Operativa (C05) da Universidade de Vigo cubrirá necesidades docentes durante o curso 2018/2019 mediante este sistema, e non serán seleccionables aqueles candidatos que non soliciten agora a súa inclusión na citada 'Lista de agarda'. Toda a información relativa a este concurso así como o acceso ao formulario telemático de solicitude atópanse dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/80>

Para o primeiro cuadrimestre, a praza para cubrir é a **praza de referencia A1801- C05-265- PI- TP-01**.

O **prazo** de solicitude comeza o 9 de xullo de 2018 e termina o 20 de xullo de 2018.

*Infórmase a todos os interesados en difundir algunha nova en especial que poden propoñer a súa inclusión no boletín da SGAPEIO a través do contacto [jtarrío@udc.es](mailto:jtarrío@udc.es).*